



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA E O CONSORCIO DE BIBLIOTECAS UNIVERSITARIAS DE GALICIA PARA A POSTA EN MARCHA DO OBSERVATORIO DE PRODUCCIÓN CIENTÍFICA E TECNOLÓXICA DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

Santiago de Compostela, a 10 de xullo de 2006

COMPARECEN

Dunha parte o Ilmo. Sr. D. Manuel Cecilio Díaz y Díaz, Presidente do Consello de Dirección do Consorcio Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (en adiante ACSUG), segundo Decreto 147/2005 do 2 de xuño da Xunta de Galicia (DOG do 08-06-2005), con poderes suficientes para a celebración deste acto en virtude das facultades que lle confire o artigo 20 dos seus estatutos publicados por Resolución do 12 de marzo de 2001, da Dirección Xeral de Universidades, pola que se publica o convenio de colaboración asinado o día 30 de xaneiro de 2001 entre a Xunta de Galicia, a través da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria e a Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento (na actualidade Dirección Xeral de I+D+i), e as Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo.

Doutra parte a Excma. Sra. D^a. Concepción Herrero López, Presidenta do Consello de Goberno do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia (en adiante BUGALICIA), actuando en nome e representación deste organismo, de acordo co artigo 2.1.5. dos Estatutos do Consorcio, publicados pola Resolución do 8 de agosto de 2006, da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, pola que se fai público o convenio de colaboración asinado o 3 de xullo de 2006, entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Innovación e Industria, e a Consellería de Cultura e Deporte, a Secretaría Xeral de Comunicación da Presidencia da Xunta de Galicia e a Sociedade Anónima de Xestión do Centro de Supercomputación de Galicia e as tres universidades de Galicia para a creación do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia e dos estatutos do citado consorcio (D.O.G. nº 1768, do 12 de setembro de 2006).

EXPOÑEN

PRIMEIRO: Que á Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do Sistema Universitario de Galicia lle corresponde, sen prexuízo das competencias atribuídas á Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación da Consellería de Innovación e Industria, a promoción e a xestión eficiente e integrada dos recursos e capacidades de investigación do Sistema Universitario de Galicia (SUG) para a súa vertebración e posta en valor no marco do Sistema de Innovación. Tal xestión concrétase na promoción, deseño e materialización dos instrumentos necesarios para mellorar o financiamento estrutural da actividade investigadora do SUG, así como da calidade dos seus medios e resultados. Ademais, ha de contribuír á ordenación e complementariedade das capacidades investigadoras do SUG, seguindo criterios de excelencia e consolidación. Así mesmo, terá presente en todo momento a necesidade de transferencia de coñecemento á sociedade galega a través da promoción da óptima xestión dos resultados de investigación xerados polo SUG, incentivando a súa orientación ás demandas sociais, económicas e ambientais da comunidade autónoma.

SEGUNDO: Que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o Consorcio ACSUG asinaron, o 3 de xullo de 2006, Convenio de Colaboración para a posta en marcha do Observatorio de Producción Científica e Tecnolóxica do Sistema Universitario de Galicia.

TERCEIRO: Que o Consorcio ACSUG ten como obxectivos a avaliación do SUG, a análise dos seus resultados, e a proposta de medidas de mellora da calidade dos servizos que prestan as universidades públicas galegas, especialmente os de ensinanza, investigación, xestión, servizos e avaliación do profesorado. Ademais sirve de soporte de recollida e canalización dun fluxo constante de información entre a universidade e os seus clientes e usuarios, que posibilita un coñecemento amplo das súas necesidades e demandas e que contribúa a que o sistema universitario de Galicia estea permanentemente actualizado e adaptado ás necesidades sociais cambiantes.

CUARTO: Que o Consorcio BUGALICIA ten como obxectivo fundamental o apoio continuo aos servizos bibliotecarios das tres universidades galegas a través da cooperación interbibliotecaria, como xeito de favorecer a produción científica en Galicia. Como consecuencia deste obxectivo, xestiona o acceso a recursos de información electrónica de gran valor para a investigación realizada no SUG.

QUINTO: Que a ACSUG e BUGALICIA contan con experiencia na recollida e manexo de información relacionada coa investigación no contorno universitario en aspectos relativos a indicadores de investigación e indicadores bibliométricos respectivamente, e polo tanto é importante a súa colaboración no deseño e posta en marcha do Observatorio.

SEXTO: Que polo anteriormente exposto, a ACSUG e BUGALICIA resaltan a necesidade de unir esforzos, optimizando o aproveitamento dos recursos dispoñibles e coordinando as distintas medidas de apoio ás iniciativas de difusión científico-tecnolóxica, segundo as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: O obxecto do presente Convenio é deseñar e por en marcha o Observatorio de Producción Científica e Tecnolóxica do Sistema Universitario de Galicia, coa finalidade de recoller datos da situación e evolución dos seus principais indicadores, así como de elaborar estes datos para proporcionar información aos axentes que a precisen.

SEGUNDA: O convenio executarase nas seguintes fases:

- Fase 1. Análise da información dispoñible. Identificación dos datos que han de recollerse así como as fontes dispoñibles. Pode ser necesario recoller a través de fontes secundarias, ou directamente do SUG. En calquera caso estes datos deberán incluír os relativos a produción científica, indicadores bibliométricos, visibilidade nas bases de datos, etc. Será esencial o desglose dos datos por centro, área ANEP e sexo do persoal investigador.
- Fase 2. Deseño conceptual e requirimentos do sistema. Definición dos contidos do sistema e das súas funcionalidades, así como o desenvolvemento de métodos de recollida de datos, construción de índices e paneis de control, formatos de presentación e difusión da información, e actuacións de comunicación que poidan ser necesarias.
- Fase 3. Posta en marcha do Observatorio, mediante a implantación da ferramenta informática e a metodoloxía deseñadas na fase 2 e 3.

TERCEIRA: Para o bo funcionamento do Programa, constituirase unha Comisión Técnica que asumirá a xestión, seguimento operativo e avaliación de iniciativas promovidas polo Programa.

A Comisión Técnica estará integrada por:

- Un técnico da ACSUG.
- Un técnico de BUGALICIA.

CUARTA: a ACSUG aportará a BUGALICIA a cantidade total de VINTECATRO MIL EUROS (24.000,00 €), con cargo aos orzamentos do exercicio 2006, en dous pagamentos de 12.000,00 € cada un deles.

QUINTA: Para cada un dos pagamentos, BUGALICIA aportará unha certificación detallada do cumprimento da finalidade do presente convenio e da aplicación dos fondos destinados ao mesmo, expedida polo órgano que teña atribuídas as facultades de control. Ademais, deberán aportar unha memoria onde se detallen as actividades desenvolvidas no proxecto ata ese momento.

A ACSUG reservarase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación dos respectivos gastos.

BUGALICIA facilitará toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

SEXTA.- A subscrición do presente convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades e a ACSUG, de tal xeito que non se lle pode esixir responsabilidade algunha, indirecta ni subsidiaria, polos actos ou feitos acontecidos no desenvolvemento do mesmo.

O presente Convenio de Colaboración terá carácter administrativo, rexéndose os seus efectos polo establecido nas cláusulas do mesmo, e no seu defecto pola normativa xeral en materia de contratos das administracións públicas (Real Decreto Legislativo 2/2000), e polo establecido en materia de subvencións e axudas públicas no Decreto Legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, General de Subvenciones, que lle sexa de aplicación.

Para o seguimento da súa execución ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos do mesmo que poidan xurdir, creárase unha Comisión mixta constituída do seguinte modo:

- O Presidente do Consello de Dirección do Consorcio ACSUG.
- A Presidenta do Consello de Goberno do Consorcio BUGALICIA.

As cuestións non resoltas no seno da Comisión Mixta de Seguimento e Control se resolverán na forma establecida polo artigo 8.3 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

SÉTIMA.- A ACSUG poderá comprobar cando estime conveniente a execución do presente convenio.

OITAVA.- O incumprimento de calquera das cláusulas do presente convenio constituirá causa suficiente para a resolución do mesmo.

NOVENA.- O presente convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura, e rematará o 31 de decembro de 2006, podéndose denunciar pola parte que considere vulnerado o espírito do mesmo por incumprimento dalgunha das súas cláusulas.

A denuncia deberá efectuarse comunicando á outra parte, mediante escrito fundado e cunha antelación mínima dun mes. Neste suposto, e salvo acordo expreso en contrario, deberán finalizar as accións xa iniciadas.

Lido polas partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente Convenio, asínano e rubricano por duplicado, no mesmo lugar e data que se indica ao comezo.

Pola ACSUG

Por BUGALICIA

Manuel Cecilio Díaz y Díaz

Concepción Herrero López